

INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO

Excma. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo

Art 168 Real Decreto Lexislativo 2/2004

Bases utilizadas nas estimacións de previsións de ingresos, así como a suficiencia dos créditos para a atención do cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación orzamentaria.

INTRODUCCIÓN

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece no seu artigo 168, a obriga de incluír no Orzamento da entidade local, un informe económico financeiro no que se expoñan as bases utilizadas para a valoración dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

Esta mesma obriga establécese na disposición final primeira do Real Decreto Lei 7/2014 de 26 de decembro, de Medidas de Sostenibilidade Financiera das Comunidades Autónomas e Entidades locais e outras de carácter económico, que entrou en vigor o 31 de decembro de 2014, que modifica a Lei Reguladora das Facendas Locais, concretamente o artigo 168 que se refire ao procedemento de elaboración e aprobación inicial, engadindo como documentación esixible un anexo de beneficios fiscais e un anexo con información relativa aos convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social.

ORZAMENTO DE GASTOS

No estado de gastos do Proxecto de Orzamento para o exercicio 2021, consígnanse os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos para o correcto funcionamento dos servizos, según os datos que teñen sido aportadas por cada unha das Áreas e Servizos deste Concello, e segundo o establecido na orden EHA/3565/2008 de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos ornamentos das entidades locais, así como na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a orde anterior.

Intervención

MVF/gvr

Refª: ispac2096055384311859366.doc

Asunto: Informe

Polo tanto, os estados de previsión de gastos do Orzamento municipal para o exercicio 2021, realizáronse segundo as seguintes consideracións asumidas polos órganos responsables da xestión municipal na estimación das previsións de gastos:

Estado de gastos:

-Estados de execución Orzamentaria: estado de liquidación do orzamento do exercicio 2019 e avance da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

-Remisión de Propostas por parte das distintas Unidades de Xestión de Gasto relativas a programas específicos con incidencia cuantitativa nos estados de créditos orzamentarios,

-Estimacións e priorización dos programas de gasto realizadas en función das dispoñibilidades orzamentarias e respectando os límites de establecidos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

-Estado de consignación de créditos do capítulo de persoal (capítulo 1) en base ás previsións remitidas polo servizo de Persoal.

-Gastos con Financiamento Afectado: comunicacións e estimacións de programas e convenios de cofinanciamento de investimentos e gastos ordinarios doutras administracións públicas.

-Estimación de cobertura orzamentaria suficiente para os gastos derivados de contratos vixentes de prestacións de servizos públicos e de concesionarios de servizos públicos, con aplicación de criterios de prudencia, xa que se establecen as consignacións orzamentarias polas contías máximas estimadas, sen prexuízo das eventuais baixas derivadas da licitación de novos contratos.

-Incremento do esforzo en materias de Servizos Sociais e Promoción Social, Cultura, Deportes e Educación, priorizando políticas públicas de gasto vinculadas a alcanzar as condicións do estado de benestar dunha sociedade solidaria e avanzada. Por isto, continuase de forma decidida por este goberno coas políticas activas de fomento de emprego, así como as necesarias políticas sociais que axuden á paliar o lastre negativo das consecuencias do paro e da crise económica.

ORZAMENTO DE INGRESOS

- Estado de previsión de ingresos:

-Estado de ejecución orzamentaria: estado de liquidacións de dereitos recoñecidos brutos durante os tres primeiros trimestres do exercicio e a súa proxección a 31/12.

-Estimacións e previsións remitidas polo Servicio de Facenda Local, corexidas segundo criterio de prudencia en función da evolución estimada.

-Comunicacións da Administración Estatal de cuantificación das participacións nos tributos estatais e o Fondo complementario

-Estimacións con criterios de prudencia -en función das liquidacións coñecidas-respecto doutros ingresos non finalistas

-Posibles ampliacións de feitos impositivos de determinadas Ordenanzas que, ademais de outorgar unha maior carga de equidade tributaria para o sostemento dos gastos xerais, suporán liquidacións adicionais.

-Previsión de xestións conxuntas de cofinanciamento de investimentos con outras administracións públicas.

1.ESTIMACIÓN DE INGRESOS.

As previsións de ingresos nos distintos conceptos orzamentarios baséanse en criterios de valoración razoables e verosímiles en función das evolucións das liquidacións dos últimos exercicios orzamentarios.

Conceptos impositivos de titularidade municipal:

A proposta de estimacións de previsión de ingresos por liquidación dos distintos impostos e taxas municipais, realízase de conformidade coas estimacións realizadas polo Servicio de Facenda Local en función da taxa de evolución amosada nas últimas liquidacións, sobre a base de comportamentos similares aos verificados no presente exercicio.

Intervención
MVF/gvr
Refª: ispac2096055384311859366.doc
Asunto: Informe

En primeiro lugar, convén resaltar que as previsións de ingresos **de natureza tributaria** baséanse nas previsións remitidas polo Servicio de Facenda Local tendo en conta, con carácter xeral, o mantemento dos tipos impositivos e tarifarios para o exercicio 2020.

Por tanto, e coa salvedade do condicionamento do cumprimento da expectativa de mantemento da evolución das liquidacións de contraído directo ás do presente exercicio (altas en padrón ou matrículas), as previsións axústanse ós criterios que o estado actual da execución dos distintos conceptos tributarios amosa.

Convén manter as labores de actualización e tramitación de expedientes liquidados en exercicios anteriores ós efectos de evitar a súa prescrición sen prexuízo da incidencia orzamentaria que puideran ter as liquidacións de recargos legais aplicables ou das liquidacións complementarias derivadas das actividades de inspección tributaria, poñendo de manifesto obxectos impoñibles que puideran estar ocultos e que, sen dúbida, contribuirán á efectiva aplicación do criterio de equidade tributaria no reparto das cargas entre tódolos usuarios.

Conceptos tributarios de natureza non impositiva e outros de titularidade municipal:

En relación ó capítulo de taxas, mantense o criterio de contención nas estimacións de ingresos, en base ás proxecións de Facenda Local para fin de exercicio.

Transferencias correntes e de capital que proveñen doutras administracións públicas:

Pola súa banda, respecto das previsións de ingresos de **transferencias correntes**, cómpre analizar, pola súa relevancia cuantitativa, as estimacións da estimación da **Participación nos Ingresos do Estado**: as estimacións de previsións realizadas polas unidades xestoras coinciden coa realidade orzamentaria acreditada na execución do exercicio 2020, en base á aplicación de criterios de prudencia, pese ao incremento do 1,6% estimado para o 2021 no Proxecto de Presupostos Xerais do Estado 2021.

Non obstante adoptaranse as medidas de contención correspondentes por parte das unidades xestoras -como poidan ser a inmovilización do crédito, nos termos establecidos nas Bases de execución pola contía da previsión que non sexa efectiva.

En canto á Participación nos tributos da Comunidade Autónoma, aplícanse criterios de homoxeneidade, á espera da definitiva cuantificación do que correspondería ao municipio de Lugo. Mantense as estimacións das transferencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, políticas de igualdade, educación, escolas infantís, emprego,... en base ás expectativas e o acontecido no ano 2020.

En canto a previsión de ingresos do concepto 49700 (Outras transferencias da Unión Europea), reflíctese unha considerable diminución da previsión inicial con respecto ao vixente Orzamento, motivada pola execución do Proxecto EDUSI respecto a gastos correntes, non sendo necesaria a súa previsión no estado de gastos do Orzamento 2021, en canto que o grado de execución do Orzamento 2020, permite a súa incorporación ao exercicio 2021 mediante o oportuno expediente de modificación orzamentaria na modalidade de Incorporación de Remanentes de Crédito, financiada con compromisos firmes de aportación da Unión Europea.

No **Anexo de Investimentos**, acompañanse as previsións de financiamento derivado de transferencias ou subvencións de capital doutras administracións, tendo a consideración de gastos con financiamento afectado e, polo tanto, a súa execución ó longo do exercicio, queda condicionada, na parte financiada con tales recursos, á súa efectividade verificada pola entrega efectiva dos recursos financeiros ou polo compromiso firme de aportación. O mencionado resulta aplicable ós créditos de investimento financiados con operacións de endebedamento.

Operacións financeiras a longo prazo

Preveese a concertación dunha operación de endebedamento financeiro, por importe de 7.150.000 euros; xúntase ao expediente informe da Tesourería Municipal de data 27/11/2020, referente aos cálculos efectuados de acordo co disposto na normativa aplicable, artigo 48.bis do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais, actualizada pola Resolución de 04 de novembro de 2020 da SG do

Tesoro e Financiación internacional.

Todo elo sen prexuízo da posible modificación das previsións iniciais de ingresos do orzamento municipal do exercicio 2021 para substituír a operación de crédito sinalada por importe de 7.150.000 euros, destinada ao financiamento dos investimentos consignados no estado de gastos no Anexo de investimentos, polos recursos propios que resulten do Remanente de Tesourería dispoñible para gasto xerais do exercicio 2020.

2. ESTIMACIÓN DE GASTOS.

En relación ós gastos deben destacarse as seguintes consideracións:

- Gastos de persoal

O capítulo 1 de persoal ten como finalidade a de recoller as consignacións orzamentarias acorde coas previsións retributivas totais consideradas no Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2021.

A tales efectos, xúntase ó expediente a plantilla confeccionada polo departamento de Persoal, isto é, o Anexo de Persoal de persoal funcionario e laboral, procedéndose por este Servizo á inclusión nos estados de consignación do proxecto de Orzamento 2021, dos créditos nas diversas aplicacións orzamentarias. Cómpre destacar a incorporación das actuacións necesarias para adecuación da estrutura organizativa ás esixencias legais dos órganos directivos municipais.

- Gastos en bens correntes e servizos ordinarios de carácter recorrente

Da cuantificación de créditos para a atención de operacións correntes referidas a servizos básicos, mantense o criterio de control e suficiencia coa finalidade de asegurar o crédito necesario para a cobertura orzamentaria das obrigas económicas derivadas da prestación de tales servizos polos respectivos adxudicatarios.

Nesta anualidade, o capítulo II vese incrementado nun 3,758% como consecuencia da regularización e redimensionamento dos novos contratos para dar o servizo que satisfaga aos veciños do Concello de Lugo, como son unha mellora no Sistema de Recollida de Residuos (fracción resto, fracción orgánica e fraccións electivas), Xestión do punto limpo municipal e Limpeza viaria no Concello de Lugo o Servizo de Vixilancia no edificio Servizos Municipais e no edificio da Casa Consistorial do Concello de

Lugo.así como a contratación do Soporte e amntemento da plataforma E-Admón para os compoñentes TECOL e SECOL, entre outros.

Así mesmo, a definición a alza nos gastos correntes para o exercicio 2021 é debido ao esforzo orzamentario destinado a un mellor servizo de recollida de Residuos, da xestión do punto limpio e da Limpeza Viaria para a cidade de Lugo que se ve incrementada nun 100%.

- Gastos financeiros

En canto o **capítulo 3, de gastos financeiros**, mantéñense en liñas xerais as previsións do exercicio 2020.

- Transferencias correntes

Cómpre manifestar o mantemento do compromiso acadado coas distintas asociacións, clubs e demais entidades, do mantemento do esforzo orzamentario para colaborar e promocionar as actividades de índole cultural, social, deportivas e, en xeral, fomentadoras da conciencia veciñal e participativa.

A realidade é que as actividades que cofinancia a administración, non serían cuantificables, facéndose inasumibles, de realizarse con medios propios dado o alto grao de asociacionismo de Lugo, a súa especialización e oferta cultural, deportiva ou social.

- Investimentos reais e Transferencias de capital

Neste capítulo, recóllense con criterios de continuidade respecto de exercicios anteriores, as previsións orzamentarias sinaladas no Anexo de Investimentos do Orzamento entre os que destacan importantes actuacións en pavimentación, asfaltado, rexeneración de firmes en infraestructuras municipais, novos investimentos en creación e renovación de áreas de xogos infantís, no abastecemento domiciliario de auga potable, renovando unha gran parte das redes de saneamento e abastecemento, así como actuacións de gran singularidade no marco do Proxecto EDUSI, dando cobertura asimesmo ás expropiacións e ocupacións temporais para eliminar importantes tapóns urbanísticos da cidade, para a continuación do paseo interior da Muralla na Rúa Clerigos así como a intervención no eido do Pazo de Dona Urraca.

Intervención

MVF/gvr

Ref^a: ispac2096055384311859366.doc

Asunto: Informe

Débase destacar o importante esforzo que se levará a cabo en mellorar a eficiencia enerxética en edificios municipais a través da realización de proxectos destinados as instalacións de paneles solares fotovoltaicos con sistema de acumulación eléctrica en diversos edificios deste Concello como son no Polideportivo Casa do Deporte, Edificio da Policía Local, Centro Social Fingoi, Edificio Administrativo, Escola Taller, Piscina Climatizada Municipal As Pedreiras e Piscina Climatizada Municipal de Frigsa. Así mesmo se mellorará a eficiencia enerxética da Estación Depuradora de augas residuais (EDAR) e a Estación de Tratamento de Auga potable (ETAP), conseguindo nas depuradoras un aforro enerxético total de 61,58%.

- Pasivos financeiros

Se inclúe no presuposto a posibilidade da formalización dunha operación financeira por importe de 7.150.000 € de principal para un período de 10 anos, cun ano de carencia estimando o primeiro pago de cota de amortización o 01/04/2022. Por outra banda, reflíctense as consignacións derivadas da devolución do PIE 2008-2009, en base aos cálculos remitidos pola Tesourería Municipal.

A Excma. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo

Asdo.: Lara Méndez López